



ANUNCIO DE AMPLIACIÓN EXCEPCIONAL DO PERÍODO VOLUNTARIO DE INGRESO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Debido á prorroga do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que alcanzará ata as 0:00 horas do día 26 de abril de 2020, en virtude do Real Decreto 487/2020, de 10 de abril.

Sendo o concello consciente da situación de confinamento á que todos nos vemos obrigados e da imposibilidade de que as oficinas das entidades bancarias poidan prestar un servizo mínimo que permita atender ós contribuíntes que queiran pagar os tributos municipais que actualmente se encontran en período voluntario de ingreso, e para preservar a seguridade e saúde públicas, o concello de A Guarda procede a ampliar excepcionalmente os seguintes períodos de ingreso:

Concepto	Data fin período voluntario de ingreso actual	Nova data fin período voluntario de ingreso	Nova data cargo en conta domiciliacións
Taxa distribución auga (Cuarto trimestre 2019)	27/04/2020	20/06/2020	20/05/2020
Taxa recollida lixo (2020)	07/05/2020	30/06/2020	05/06/2020

Dado que os recibos ou documentos de ingreso que foron enviados ós contribuíntes deixarán de ter efectos para o pago destas taxas ó final dos seus actuais períodos voluntarios de ingreso (27 de abril e 7 de maio respectivamente) o concello remitirá novos recibos para o ingreso coas novas datas de finalización do período voluntario de ingreso, que serán enviados ós contribuíntes, entre finais do mes de maio e principios do mes de xuño.

Estes recibos serán polos mesmos importes que os actuais, sen ningún tipo de recargo, pois corresponden á ampliación do período voluntario de ingreso, e soamente serán enviados ós contribuíntes que non teñan domiciliadas estas taxas e que non efectuaron o ingreso durante o período de ingreso voluntario inicialmente establecido.

Recórdase que a non recepción destes recibos polos contribuíntes non eximirá do pago destas taxas, dado que a obriga de contribuír nace coa aprobación do padrón en cuestión e a publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Recordase ós contribuíntes que queiran pagar estes tributos antes do día de vencemento do período voluntario de ingreso inicial, que poderán facelo dende as súas casas, a través de banca electrónica, polo procedemento de "Pago de recibos" ata os días 27 de abril, para a taxa de auga, e 7 de maio, para a taxa de lixo, non recomendando acudir ó banco en ningún caso para efectuar estes ingresos.